

Expediente Contratación : 2023/003

PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA
PROTECCIÓN DE DATOS

Antecedentes:

O Galp Costa Sostible con CIF: G70196225 e domicilio social en Curro da Praza 1, 15250 Muros, é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar para a xestión da prioridade 3 do FEMPA, e está suxeita ao convenio asinado con esta entidade para a xestión destes fondos. Dito convenio ten por obxecto establecer as regras que deberán aplicar ambas partes na xestión de Estratexia de Desenvolvemento local Participativo, e en particular as funcións e obrigas que asume o Galp como entidade colaboradora da Consellería do Mar.

Dito convenio establece o marco regulador do réxime de contratación dos GALP, na cláusula décimo oitava. De acordo con esta, a contratación de asistencias técnicas, obras, subministracións ou calquera outro tipo de contratación efectuada polo GALP, pertencentes aos gastos de funcionamento e animación, realizarase segundo os principios de liberdade, publicidade e transparencia, non discriminación e igualdade de trato, e de eficiencia, conforme se establece na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (de agora en adiante, LCSP), dada a súa condición de entidade colaboradora da Consellería do Mar, na xestión e control de fondos públicos. Asemade, os GALP terán en conta as instrucións, que emita o Organismo Intermedio de Xestión, en materia de contratación (OIX, en adiante), neste caso a Instrución 1/ 2023 sobre os procedementos de contratación dos Galp do 21 de xuño.

A execución do FEMPA require a adaptación da contratación dos GALP, como entidades colaboradoras, á normativa de contratación pública da Unión Europea, concretamente

á Directiva 2014/24/UE sobre contratación pública e á Lei Nacional 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español das Directivas 2014/23/UE e 2014/24/UE.

Cláusulas Administrativas:

Entidade contratante.-

Galp Seo Fisterra Ría Muros Noia Costa Sostible.

Obxecto do contrato.-

O obxecto deste contrato é a contratación do servizo de delegado de protección de datos e consultaría de protección de datos para o Galp Seo Fisterra Ría Muros Noia Costa Sostible coa finalidade de cumprir coas obrigas impostas pola Lei Orgánica 3/2018 do 5 de Decembro de Protección de datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento do desenvolvemento da citada Lei aprobada aprobado polo RD 1720/2007do 21 de decembro e na Cláusula vixésimo cuarta do convenio de colaboración asinado entre o Galp Costa Sostible e a Consellería do Mar, así como coas obrigas que impoñan futuras normativas de protección de datos.

Requisitos de solvencia.-

Só poderán optar ao proceso de adxudicación aqueles licitantes que cumpran os seguintes requisitos:

- Para a realización dos traballos mencionados, o adxudicatario deberá dispoñer dos recursos materiais e humanos suficientes, adaptados ao volume das actividades a desenvolver e aos prazos de execución establecidos no plan de traballo. De acordo co establecido no artigo 76.2 de la LCSP, o licitador deberá adscribir un equipo mínimo de traballo formado por un xefe de equipo que terá a interlocución coa xerencia do Galp e estará certificado como Delegado de



Protección de Datos, e un técnico para consultas. Pode admitirse un equipo dunha sola persoa que asuma as dúas funcións.

- Os distintos licitadores acreditarán a súa solvencia técnica, de xeito que quede latente a súa capacidade para desenvolver o servizo, acreditando experiencia dentro do ámbito institucional ou de entidades privadas que xestionen fondos públicos na prestación do servizo obxecto do contrato nos tres últimos anos. Dita experiencia acreditarase cun certificado emitido polas distintas entidades nas que prestaron o servizo.
- Acreditarán a súa capacidade para contratar mediante unha declaración responsable e cumprimentando o anexo II A) que acompaña a estas bases.
- Acreditarán así mesmo que non existe ningún tipo de vinculación coa entidade contratante.
- Acreditarán a súa solvencia económica para desenvolver o contrato mediante unha declaración responsable onde conste o volume anual da cifra de negocios nesta actividade durante os tres últimos anos e aportarán o recibo do último pago do seguro de Responsabilidade Civil para o desenvolvemento da mesma. O volume anual da cifra de negocios deberá ser polo menos unha vez e media o valor anual do contrato 3.000,00 € (Ive Excluído).

Procedemento de contratación.-

Procedemento para a adxudicación de contratos para necesidades continuas dos Galps ou esporádicas con determinados valores estimados segundo Instrución 1/2023 para procedementos de contratación dos Galp do 21 de xuño emitida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Orzamento base de licitación e valor estimado do contrato.-

O cálculo do orzamento base de licitación desta contratación realizouse tendo en conta os prezos habituais no mercado deste tipo de contratos e o custe deste servizo de protección de datos, no programa FEMP (2014-2020), xestionado polo Galp Costa Sostible.

Para o cálculo pártese do valor trimestral de 750,00 € I(VE excluído).

Orzamento base de licitación: 3.000,00 €

IVE: 630,00 €

Valor estimado do contrato 10.250,00 €

IVE: 2.152,50 €

O orzamento máximo de licitación é de 10.250,00 € máis IVE, non aceptándose ningunha proposta por riba desta contía.

Criterios de Adjudicación e valoración .-

Para a valoración das ofertas presentadas atenderase aos seguintes criterios:

-Criterios avaliábeis de forma automática:

a) O adjudicatario está en posesión dun dos seguintes dispositivos de calidade:

- ISO 27001-2013 "Xestión de seguridade na información" (10 puntos).
- ISO (9001) "Sistemas de xestión da calidade" (5 puntos).

b) Oferta económica máximo 85 puntos.

Valoraranse con cero (0) puntos aquelas ofertas que propoñan como prezo de adjudicación o orzamento base máximo de licitación establecido neste prego.

Valorarase con oitenta e cinco (85) puntos a oferta que propoña o mellor prezo de entre as ofertas admitidas.

Partindo deste criterio de valoración, a puntuación outorgada ás restantes ofertas admitidas realizarase mediante un cálculo proporcional utilizando a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos a} = 85 \times \left(\frac{[P_m - P_a]}{[P_m - P_b]} \right)$$

Sendo:

Puntos a = puntuación valoración económica da oferta obxecto de valoración.

P_m = orzamento base máximo de licitación (sen IVE).

P_a = prezo da oferta obxecto de valoración (sen IVE).

P_b = prezo da oferta máis baixa das admitidas (sen IVE.)

Quedarán excluídas do procedemento de adjudicación aquelas ofertas que superen o orzamento base máximo de licitación.

Criterios de adxudicación.-

O contrato adxudicarase á oferta mais vantaxosa, e polo tanto mellor puntuada segundo os criterios especificados no apartado anterior. No caso de empate nas puntuacións, atenderase ao número de mulleres ou persoas con discapacidade que compoñen o equipo técnico asignado á contratación.

Prazo e forma de presentación.-

As propostas de oferta se axustarán aos pregos publicados e a súa presentación supón a aceptación sen condicións da licitación.

- Cada licitador presentará, coa súa oferta, a declaración responsable do Anexo II A) que acompaña a estas bases.
- As proposicións dos interesados se presentarán nun mínimo de dous sobres pechados. No SOBRE A ou SOBRE 1, incluírase o Anexo II A) e a documentación acreditativa do cumprimento de requisitos de capacidade e solvencia da empresa. Será causa de exclusión da licitación, introducir calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica. No SOBRE C ou SOBRE 3, incluírase a documentación relativa aos criterios avaliábeis de forma automática: acreditación da disposición dun certificado de calidade, a oferta económica onde se especificará o prezo trimestral co IVE desagregado e a oferta de melloras.

Tódolos documentos deberán estar asinados dixitalmente.

As ofertas presentaranse na sede do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Seo de Fisterra Ría de Muros e Noia, sito no Edificio Administrativo Rúa Espírito Santo nº 4. 15200. Noia - A Coruña. Teléfono 981-822754, en horario de atención ao público (8:30 a 15:00 horas), ou por correo certificado dirixido ao Apartado de Correos número 20 desta entidade sempre que se acredite a data de envío pola oficina de correos, dentro do prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no seguinte enlace: <https://galp.xunta.gal/seo-fisterra-ria-muros-noia>.

Rematando o prazo de presentación na data do 17 de xullo as 15:00.



Deberá remitirse comprobante de envío da proposta antes de que finalice o prazo ao seguinte enderezo galp.mar.costa.sostible@xunta.gal.

Mesa de contratación, apertura de proposicións e proposta de adxudicación.-

- Constituirase, preceptivamente, unha Mesa de Contratación, encargada de formular a proposta de adxudicación do contrato, tras a apertura e valoración das ofertas presentadas polos licitadores.
- Unha vez transcorrido o prazo da presentación das ofertas a Mesa de Contratación reunirse no prazo máximo de quince días naturais para proceder á apertura do sobre A e comprobar a ausencia de conflito de interese por parte dos membros da Mesa cos distintos licitantes. No caso de darse esta casuística, os membros da Mesa que poidan estar incurso en conflitos de interese serán substituídos polos seus suplentes, que comunicarán no mesmo día á presidencia da Mesa a posibilidade de conflito de interese, de ser así, a Xunta Directiva do Galp procederá ao nomeamento dos membros necesarios no prazo de tres días hábiles.
- Unha vez constituída a Mesa de Contratación procederase á análise da documentación e a admisión das ofertas que cumpran cos requisitos de solvencia económica e técnica especificados nos pregos. Aquelas propostas que sexan obxecto de subsanación dispoñerán de dous días hábiles para aportar a documentación necesaria dende a data de comunicación.
- Posteriormente procederase, en acto público, á apertura do sobre C. A data de apertura será publicada no enderezo web. <https://galp.xunta.gal/seo-fisterra-ria-muros-noia>. no apartado correspondente a este procedemento con 48 horas de antelación co obxecto de proceder a avaliar o seu contido conforme aos criterios recollidos no presente prego. Para o contido do sobre C non procederá a posibilidade de subsanar a documentación quedando excluídas aquelas ofertas que non cumpran cos requisitos especificados no prego.
- Unha vez valoradas as ofertas, a Mesa de Contratación remitirá á Xunta Directiva do Galp a correspondente proposta de clasificación e adxudicación, na que



figurarán ordenadas as ofertas de forma decrecente, incluíndo a puntuación outorgada a cada unha das ofertas por aplicación dos distintos criterios de adxudicación e identificando a mellor oferta puntuada. Dita proposta será publicada no enderezo web do procedemento e, transcorrido o prazo de 5 días naturais, de non existir alegacións por parte de ningunha das empresas licitantes procederase á subscrición do contrato por parte da Presidencia do Galp.

No caso de que algún dos licitantes presente alegacións á resolución de adxudicación efectuada pola Xunta Directiva do Galp, a Mesa de Contratación reunirse no prazo de dous días naturais para dar resposta á Xunta Directiva do Galp das alegacións presentadas que emitirá nova resolución de adxudicación.

Documentación previa esixida ao licitador antes da adxudicación.-

Unha vez comunicada a adxudicación do contrato pola Presidencia do Galp, a xerencia requirirá ao adxudicatario para que, dentro do prazo de dous días hábiles, proceda a presentar a documentación xustificativa seguinte de conformidade co establecido neste prego con anterioridade:

- 1) Que a entidade adxudicataria estea validamente constituída e que conforme ao seu obxecto social pode presentarse á licitación. Documentos que acrediten a personalidade do empresario e o seu ámbito de actividade.
- 2) Documentos que acrediten, no seu caso, a representación.
- 3) Xustificantes de non ter débedas de natureza tributaria co Estado nin coa Administración Autónoma de Galicia, nin débedas coa Seguridade Social.
- 4) Toda documentación que poida resultar necesaria para acreditar o cumprimento da declaración responsable do Anexo II A).

A Mesa de Contratación verificará que o proposto como adxudicatario acredita documentalmente o cumprimento dos requisitos de participación esixidos.

De non cumprimentarse adecuadamente a presentación de toda a documentación indicada nos apartados anteriores e no prazo, entenderase que o licitador retirou a súa



oferta, procedéndose nese caso para solicitar a mesma documentación do licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

Duración do Contrato .-

O prazo para a execución dos traballos iniciarase ao día seguinte da formalización do contrato e terá a duración dun ano, podendo ser prorrogable anualmente previo aviso dun mes de antelación da entidade contratante. A prórroga anual será obrigada para o contratista establecendo como data limite o 31 de decembro de 2026.

O contrato extinguirase pola súa conclusión ou cumprimento, ou ben pola súa resolución.

Determinación do prezo.-

A formulación da proposta económica ten carácter global, polo que inclúe todos os factores de valoración e impostos que se indiquen por razón do contrato.

En relación co Imposto sobre o Valor Engadido, terase en conta que na oferta do licitador deberá indicarse como partida independente.

O prezo do contrato establecerase trimestralmente sen posibilidade de modificación, e será aquel que resulte da oferta mais vantaxosa e polo tanto adxudicataria, entre as presentadas.

Condicións do pago do prezo.-

O prezo será abonado pola entidade contratante trimestralmente previa presentación de factura. Na anualidade do 2023 prorratearase o prezo trimestral en función dos trimestres naturais do ano.

Admisión de variantes e melloras.-

Non se admiten variantes ao establecido nos presentes pregos

Causas de resolución do contrato.-

No caso de que estimase incumpridas as prescricións técnicas do contrato, o Galp Costa Sostible está facultado para esixir o seu cumprimento ou declarar a resolución do contrato.

Ademais o Galp Costa Sostible poderá acordar a resolución do contrato no caso de que concorra algunha das seguintes causas:

- a. A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 da LCSP relativo á sucesión do contratista.
- b. A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c. O incumprimento do establecido nos presentes pregos por parte do contratista.
- d. O incumprimento das melloras especificadas por parte do contratista sempre que foran tidas en conta na valoración da oferta .

Prego de prescricións técnicas

O Galp Costa Sostible con CIF: G70196225 e domicilio social en Curro da Praza 1, 15250 Muros, é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar para a xestión da prioridade 3 do FEMPA, e está suxeita ao convenio asinado con esta entidade para a xestión destes fondos. Dito convenio ten por obxecto establecer as regras que deberán aplicar ambas partes na xestión de Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, e en particular as funcións e obrigas que asume o Galp como entidade colaboradora da Consellería do Mar.

Na cláusula vixésimo cuarta do mencionado convenio recóllense as obrigas do Galp como encargado do tratamento de datos de carácter persoal:

1. De conformidade cos artigos 12 e seguintes da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD-GDD), e no capítulo III do Regulamento de desenvolvemento da citada lei orgánica



(RLOPD), aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, o GALP comprométese ao seguinte, en canto encargado do tratamento de datos de carácter persoal de que dispoña en relación á súa actividade como entidade colaboradora da Consellería do Mar, na aplicación da EDLP, e no marco do FEMPA:

- a) Non aplicar nin utilizar tales datos con fins distintos á xestión do Programa e atender ás instrucións da Consellería do Mar ao respecto.
- b) Comprometerse a restrinxir o acceso aos datos exclusivamente ao persoal que o precise para realizar as súas funcións.
- c) Respetar e darlle traslado, ao persoal que interveña no tratamento, da súa obriga de segredo profesional nos termos previstos no artigo 5 das LOPD-GDD respecto dos datos persoais e o seu deber de gardalos, obrigas que subsistirán aínda despois de finalizar as relacións do GALP coa Consellería do Mar.
- d) Co fin de asegurar a confidencialidade do tratamento de datos obxecto desta cláusula, o GALP garántelle á Consellería do Mar que todos os seus empregados, teñen subscrito un compromiso de confidencialidade.
- e) No caso de que o GALP destine os datos a outra finalidade, os comunique ou utilice incumprindo as regras desta cláusula, será considerado responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que tivera incorrido e eximirá expresamente á Consellería do Mar de calquera responsabilidade respecto ao incumprimento, nas actividades obxecto do presente convenio, de todos os deberes e obrigas impostas pola LOPD-GDD e a súa normativa de desenvolvemento.

A personalidade xurídica do Galp responde a unha entidade sen ánimo de lucro que ademais de actuar como entidade colaboradora da Consellería do Mar, poderá desenvolver outras actividades que os seus órganos de decisión determinen. O número de socios actual desta entidade ascende a corenta e sete socios, e a entidade réxese polo principio de portas abertas, podendo incrementarse o número de socios ao longo do período de contratación.

Como entidade sen ánimo de lucro, e pola súa condición de asociación os órganos directivos do Galp son a Asemblea Xeral (formada polos 47 socios) e a Xunta Directiva (formada por 25 membros), asumindo a Presidencia a representación da entidade.

Ademais na súa labor de difusión do programa de axudas no territorio, o Galp Costa Sostible dispón dunha páxina web: www.costasostible.com e de perfís nas redes sociais: Facebook, Twiter, Instagram e un canal de Youtube .

Facebook: <https://www.facebook.com/galpcostasostible>

Twitter: https://twitter.com/GCostaSostible?t=X3W5s_5tgpm3hQyisTbBLw&s=08

Instagram: <https://www.instagram.com/galpcostasostible/>

Youtube: <https://www.youtube.com/@galpcostasostible7450>

Contido do traballo a realizar.-

1.Características do servizo:

Comprenderá a seguinte relación de prestacións:

- As asignadas a figura do/a Delegado/a de protección de datos segundo o artigo 39 do RXPD
- Soporte nas labores de adaptación ao RXPD.
- Legalización e implementación das novas medidas de seguridade dos distintos ficheiros de datos persoais tanto os que xa estean rexistrados e requiran modificación, así como a implantación efectiva do Rexistro das Actividades de Tratamentos.
- Elaborar a nova documentación que conteña toda a información e documentación que esixe o novo RXPD no ámbito da actividade do Galp Costa Sostible.
- Elaborar, revisar, actualizar modelos de anexos e contratos de servizos externalizados, e adaptar os documentos ao novo RXPD mediante anexos aos contratos que estean en vigor, ou ben mediante cláusulas a incluír nos pregos para os novos contratos que se asinen.
- Propoñer, revisar e actualizar cláusulas de información para a súa inclusión na recolleita de datos persoais, en todos os formularios que utilice o Galp Costa Sostible adaptándoas ao novo RXPD.
- Implantación do Rexistro das Actividades de Tratamentos de Datos.



- Asesoramento e aplicación material da normativa aplicable nos diferentes expedientes e funcionamento ordinario do Galp Costa Sostible coa adaptación de documentos.
 - Actualización dos modelos de documentos administrativos que se está a utilizar na actualidade á normativa sobre protección de datos de carácter persoal (seudonimización e cifrado de datos persoais).
 - Asesoramento verbal ou por escrito mediante a emisión de informe cando así sexa requirido sobre incidencias xurdidas na aplicación da normativa sobre protección de datos de carácter persoal e a tramitación administrativa de expedientes, ou na posta en marcha de actividades que se vexan afectados pola protección de datos de carácter persoal.
 - Disociación dos datos de carácter persoal que non deben ser cedidos ou transmitidos, remitindo novamente á documentación filtrada.
 - Supervisión da Páxina Web e Publicacións nas distintas redes sociais no ámbito da materia de protección de datos.
- No caso da implantación de dispositivos de gravación nas reunións dos órganos de decisión do Galp ou en calquera outra actividade presentaranse un cadro de medidas a adoptar para preservar os datos de carácter persoal suxeitos á protección na publicidade das sesións deste órgano colexiado e na transmisión das gravacións na páxina web.
- Importación da formación necesaria ao persoal do Galp Costa Sostible para a aplicación do RXPD no ámbito das súas funcións (mínimo 3 horas, dúas sesións anuais).

O adxudicatario deberá presentar, dentro dos tres primeiros meses de vixencia do contrato, un programa de impartición da formación, que deberá consensuarse coa xerencia do Galp co obxecto de compaxinar os mesmos co traballo administrativo.



Plan de traballo.-

A empresa contratista poñerá a disposición do Galp Costa sostible unha plataforma on line na que se dispoña de toda a documentación relativa á protección de datos e se realice a xestión documental.

O Galp Costa Sostible facilitará á empresa adxudicataria a información que necesite relacionada coas materias obxecto do presente contrato, debendo garantir esta a confidencialidade e integridade dos datos manexados e da documentación facilitada.

Establecerase unha reunión inicial coa xerencia do GALP, para planificar o traballo a desenvolver atendendo a actividade do Galp dende o 1 de xaneiro e a revisión do estado da documentación.

Deberán revisarse trimestralmente de forma presencial a actividade desenvolta polo Grupo e o tratamento da mesma no ámbito desta materia, procedendo ás rectificacións necesarias de ser o caso.

No longo do transcurso do traballo calquera consulta neste ámbito feita por parte do persoal técnico do Galp Costa Sostible, deberá ter un prazo de resposta non superior a corenta e oito horas.

Funcións e obrigacións do adxudicatario.-

Como resultado o adxudicatario realizará o servizo de asesoramento e protección de datos especificado nos presentes pregos de forma que o Galp Costa Sostible dispoña dunha información actualizada.

O adxudicatario obrígase a manter a confidencialidade da información á que poida ter acceso en función dos traballos descritos no presente prego, antes, durante e despois do desenvolvemento dos mesmos e o cumprimento do plan de traballo especificado nos presentes pregos.

Os presente pregos foron aprobados pola Xunta Directiva do Galp Costa Sostible na súa reunión do 27 de xuño, posteriormente ao nomeamento da Mesa de Contratación que formulará proposta de adxudicación deste procedemento. Nin os membros da Mesa de Contratación nin a Presidencia estiveron presentes no momento da aprobación deste documento.



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



Cofinanciado por
la Unión Europea

Muros 10 de xullo de 2023

Daniel Formoso Moledo
Presidente Galp Costa Sostible